

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 7 DE ABRIL DE 2009

### LICENZAS

#### FAVORABLES.-

**Lic/1489/2007.- Inmobiliaria Keops Santiago, S. L.-** Edificio no nº 40 – 42 da rúa Betanzos composto de soto para garaxe e trasteiros, planta baixa para tres apartamentos e planta segunda e baixo cuberta para 5 apartamentos.

**Lic/853/2008.- Sociedade Cooperativa de Vivendas Monte Libredón.-** Edificio de 28 vivendas, garaxes e trasteiros na parcela BA-2 do SUNP-12 de Lamas de Abade.

**Lic/855/2008.- Sociedade Cooperativa de Vivendas Monte Libredón.-** Edificio de 20 vivendas, garaxes e trasteiros na parcela BA-1 do SUNP-12 de Lamas de Abade.

**Lic/26/2009.- Hermanos Peleteiro Ramos, S. L.-** Construcción do módulo “J” e apertura de dito módulo correspondente á residencia de estudantes no Colexio Manuel Peleteiro na finca “Monte Redondo” no lugar de Outeiro.

**Lic/498/2008.- Inmobiliaria Ginarte e Hijos, S. L.-** Modificación da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de 16 de xuño de 2.008 para construción dunha edificación na rúa Sánchez Freire nº 8-14, en relación coa planta soto e planta baixa.

**Lic/2492/2007.- Inmobiliaria Paxonal, S. L.-** Edificio de 42 vivendas, trasteiros e garaxes na rúa da Raxeira.

**Lic/112/2008 e Lap/440/2007.- José Luís Martínez Casar.-** Construcción e apertura de nave almacén e aluguer de maquinaria en Polígono de Boisaca 41.

**Lic/2256/2008.- María del Carmen Suárez Mallo.-** Derruba dunha obra executada na rúa do Romaño nº 50, ó efecto de repoñer a legalidade urbanística no citado inmovible.

**Lic/148/2009.- Virtudes Piñeiro Pombo.-** Sustitución da cuberta do inmovible sito na rúa Camiño dos Vilares nº 11

**Lic/64/2007.- Construcciones y Rehabilitaciones Vidalcon, S. L.-** Legalización da cubrición de terraza, anteriormente denegada, na rúa Pitelos nº 21.

**Lic/1773/2008.- María García García.-** Reforma e ampliación de vivenda unifamiliar illada na rúa Estación do Casal nº 13.

#### PARCELACIONES.-

**Lic/1218/2008.- María del Pilar Varela Rodríguez.-** Parcelación urbanística dunha parcela chamada “Granzón”, nº 22 do Lugar de Os Abetos, en San Lázaro. (+)

**REXEITAR A RECLAMACION DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL FORMULADA POR D. JOSÉ OTERO POMBO, EN NOME E REPRESENTACIÓN DE CONSTRUCCIÓN OTERO POMBO, S. A.** pola anulación por sentenza firme do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 27 de setembro de 2.007, da licenza concedida ao interesado para rehabilitación da antiga fábrica de curtidos na Ribeira de San Lourenzo xunto a Ponte Sarela.

#### **SUBSANACION DE ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 10 DE FEBREIRO DE 2.009.-**

**Lic/336/2008.- Urban Mahía, S. L.-** Edificio en dous bloques nas parcelas 1A, 1B, 2A e 2B dos quinteiros 6 e 7 do Polígono 2 do SUP-5 de Choupana.-

#### **DEVOLUCIÓN DE FIANZA.-**

<b>523/09.- Malga, S. L.-</b> .....	Expte. Lic/155/2008 .....	4.000 €.-
<b>526/09.- Malga, S. L.-</b> .....	Expte. Lic/2465/2007.....	2.000 €.-
<b>527/09.- Malga, S. L.-</b> .....	Expte. Lic/1509/2008.....	600 €.-
<b>528/09.- Malga, S. L.-</b> .....	Expte. Lic/1923/2008.....	300 €.-
<b>529/09.- Malga, S. L.-</b> .....	Expte. Lic/1508/2008.....	600 €.-
<b>531/09.- Malga, S. L.-</b> .....	Expte. Lic/2155/2008.....	5.000 €.-
<b>532/09.- Malga, S. L.-</b> .....	Expte. Lic/1754/2008.....	500 €.-

533/09.- Malga, S. L.- .....Expte. Lic/1292/2007 ..... 400 €-  
535/09.- Malga, S. L.- .....Expte. Lic/2879/2004 ..... 2.000 €-  
625/09.- Uneda 2000, S. L.- .....Expte. Lic/1160/2005 .....12.000 €-

**OCIHR**  
**LICENZAS**  
**FAVORABLES**

**LIC/2000/2008.- MANUEL LATA MONTOIRO.-** Licenza para substitución de cuberta, reforma e saneado interior de vivenda en Costa Vedor, 3.

**DEVOLUCIÓN DE FIANZAS**

**LIC/614/2009.-** Devolución da fianza depositada por HOTEL COMPOSTELA SA, en garantía da licenza LIC/2283/2007. O importe da fianza é de 2000€.

**DISCIPLINA.-**

**DEVOLUCIÓN DE FIANZAS**

**DIS/812/2008.- ROTA POSSE PENA.-** Devolución de fianza para responder de danos derivados pola ocupación de vía pública con estada na rúa da Caldeirería, 47. Importe. 601,00€.

**DIS/982/2008.- ROSALÍA GUARDADO BASCUAS.-** Devolución de fianza para responder de danos derivados pola ocupación de vía pública con estada na rúa da Fonte de Santo Antonio, 2. Importe. 601,00€.

**DIS/1026/2008.- ANTONIO GÓMEZ SUÁREZ.-** Devolución de fianza para responder de danos derivados pola ocupación de vía pública con estada na rúa Campás de San Xoan, nº 3. Importe. 601,00€.

**4.- Proposta da Concelleira Delegada de Benestar Social relativa a axudas de carácter social.**

Apróbanse diversas axudas, por un importe total de 5.613 euros.

**5.- Proposta da concelleira delegada de Benestar social e Muller relativa á aprobación de axudas de comedor para o curso escolar 2008-2009.**

Apróbanse as axudas correspondentes a 10 colexios, por un importe total de 4.138 euros.

**6.- Adxudicación do Servizo de mantemento anual de equipos de protección respiratoria, probas de botellas de aire comprimido e materiais caducables usados en equipos de respiración utilizados polo Servizo de Extinción de Incendios.**

Adxudícase o devandito servizo á empresa DRAGER SAFETY HISPANIA, S.A., por un importe de 14.584 euros e cun prazo de duración dun ano.

**7.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á modificación do texto do Convenio entre a USC e o Concello de Santiago de Compostela para a colaboración das dúas institucións no desenvolvemento do Máster da "AULA DE RENOVACIÓN URBANA E REHABILITACIÓN 2008-2009".**

Apróbase o novo texto do devandito convenio.

**8.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á corrección de erros materiais no proxecto de compensación do polígono B do Plan parcial de ordenación do solo urbanizable non programado número 6 (SUNP-6) de San Lázaro.**

Desestímase unha solicitude de corrección do erro material do proxecto de compensación do devandito polígono e desestímase tamén a solicitude de certificación de cotas conforme á solicitude presentada.

**9.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á aceptación da cantidade ofrecida en concepto de prezo xusto polo Ministerio de Fomento no Proxecto de Expropiación: "Variante de acceso á poboación. Acceso Noroeste a Santiago N-634 de San Sebastián a Santiago (Poboación): Km 710.1 ao 720.5. Tramo: Aeroporto de Lavacolla-Santiago (13-LC-2310)", con relación a parcelas municipais.**

Acéptase a cantidade ofrecida por 5 parcelas. Total: 38.817,63 euros.

**10.- Adxudicación definitiva do Servizo de conservación e mantemento do parque de SALGUEIRIÑOS, reservado a centros especiais de emprego.**

Elévase a definitiva a devandita adxudicación á empresa INTEGRO DE XARDINERÍA E MEDIO AMBIENTE S.L., por un importe de 70.572 euros máis IVE.

**11.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativo ao programa de actividade física adaptada.**

Apróbase o devandito programa, que contará cun orzamento de 12.288 euros.

**12.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social e Muller relativa a aprobación do convenio de colaboración entre o Concello e o Colexio de Avogados de Santiago para o ano 2009.**

Acórdase a sinatura do convenio, apróbase o texto do mesmo e unha retención de crédito para o mesmo de 5.000 euros.

**13.- Proposta da concelleira delegada de Benestar social e Muller relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello e a Cociña Económica.**

Acórdase a sinatura do convenio, apróbase o texto do mesmo e unha retención de crédito para o mesmo de 20.208 euros.

**14.- Liquidación do programa de Corais do Nadal 2008.**

Apróbase a liquidación do devandito programa.

Gastos aprobados: 10.414. Gastos realizados: 10.030,96 euros. Diferencia: 383,04 euros.

**15.- Proposta da concelleira delegada da Unidade Municipal de Atención a Drogodependentes (UMAD) relativa á reserva de crédito para a obtención do permiso de conducir do programa de Inserción da UMAD.**

Apróbase unha reserva de crédito de 2.200 euros para afrontar os devanditos gastos.

**16.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social e Muller relativa á contratación do programa de Prevención de Drogodependencias denominado OBSERVACIÓN E VALORACIÓN DO CONTEXTO SOCIOCOMUNITARIO.**

Acórdase destinar unha achega de 4.999 euros para a contratación deste programa.

**18.- Proposta do concelleiro delegado de Facenda relativa á autorización para realizar horas extraordinarias por persoal de Catastro e Censos, Recadación e eventualmente Atención ao Contribuínte.**

Apróbase a realización dun máximo de 450 horas extraordinarias por parte do persoal referido.

**19.- Proposta da concelleira delegada de Cultura e Centros Socioculturais relativa á solicitude dunha subvención para o FESTIVAL INTERNACIONAL DE CURTOCIRCUITO.**

Acórdase solicitar unha subvención de 60.000 euros ao Ministerio de Cultura

**20.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica relativa ao Plan de formación e Mellora de competitividade para os sectores industrial, da construción, comercio e hostelería para 2009.**

Apróbase a realización desta actividade, cun custo de 122.253 euros e ábrese o prazo de matrícula para os seus cursos.

**21.- Proposta da concelleira delegada de Réxime Interior relativa á modificación do contrato para a prestación do servizo de preparación física e adestramento do persoal de bombeiros e policía local.**

Acórdase modificar o devandito contrato, de xeito que o importe do mesmo correspondente á anualidade 2009, que ascende á cantidade de 8.640 euros, se asigne a outra partida orzamentaria.

## URXENCIAS

### **1.- Proposta de nova convocatoria da Mesa de contratación para a licitación das obras do polideportivo Quiroga Palacios incluídas no FIL.**

Acórdase convocar de novo a mesa de contratación aos efectos de proceder a un exame exhaustivo do informe técnico e, de ser o caso, proceder ás subsanacións a que houberse lugar.

### **2.- Adxudicación definitiva do servizo de prevención de riscos laborais.**

Elévase a definitiva a adxudicación do servizo de prevención de riscos laborais para o Concello, incluíndo as especialidades de Hixiene Industrial, medicina do Traballo e vixilancia da saúde á empresa GRUPO MGO, SA, por importe de 27.000 euros/ano.

### **3.-Proposta da concelleira delegada de Rehabilitación e Casco Histórico relativa á aprobación do programa de apoio a proxectos singulares na cidade histórica , convocatoria e bases reguladoras.**

Apróbase o programa, a convocatoria e as bases reguladoras.

### **4.- Proposta da concelleira delegada de Rehabilitación e Casco Histórico relativa á aprobación das bases da convocatoria de axudas á rehabilitación de elementos especiais de madeira dos inmobles da cidade histórica.**

Apróbanse as devanditas bases.

### **5. Adxudicacións de obras do FIL.**

- Adxudicación provisional do contrato de **reurbanización dun tramo da avenida de Vilagarcía-García Prieto-Sánchez Freire** á empresa AQUAGEST, SA, por importe de 1.293.103,44 euros máis IVE e un prazo de execución de 216 días. Para a execución desta obra o adxudicatario ocupará un total de 40 persoas das cales 25 están integradas na empresa e 15 son de nova contratación.

- Adxudicación provisional do contrato de **reurbanización da rúa Pérez Constanti** á empresa EULOGIO VIÑAL, SA, por importe de 307.353,20 euros máis IVE e un prazo de execución de 5 meses. Para a execución desta obra o adxudicatario ocupará un total de 39 persoas das cales 32 están integradas na empresa e 7 son de nova contratación.

- Adxudicación provisional do contrato de **reurbanización da rúa Curros Enríquez** á empresa AQUAGEST, SA, por importe de 731.835,72 euros máis IVE e un prazo de execución de 162 días. Para a execución desta obra o adxudicatario ocupará un total de 40 persoas das cales 25 están integradas na empresa e 15 son de nova contratación.

- Adxudicación provisional do contrato de **reurbanización da rúa Londres** á empresa UTE MISTURAS SA, ALCOMTE GALICIA, SL, por importe de 2.155.172,11 euros máis IVE e un prazo de execución de 216 días. Para a execución desta obra o adxudicatario ocupará un total de 53 persoas das cales 33 están integradas na empresa e 20 son de nova contratación.

- Adxudicación provisional do contrato de **reforma e ampliación do Centro Sociocultural de Laraño** á empresa CONSTRUCCIONES EN PIEDRA SIGRÁS, SL, por importe de 344.827,49 euros máis IVE e un prazo de execución de 6,3 meses. Para a execución desta obra o adxudicatario ocupará un total de 16 persoas das cales 10 están integradas na empresa e 6 son de nova contratación.

- Adxudicación provisional do contrato de **reurbanización da rúa Trinidad**, segundo tramo (ámbito do Pazo de Raxoi e a igrexa de San Fructuoso) á empresa UTE EDIMIÑO SL-TUCON SA, por importe de 629.685,35 euros máis IVE e un prazo de execución de 216 días. Para a execución desta obra o adxudicatario ocupará un total de 22 persoas das cales 14 están integradas na empresa e 8 son de nova contratación.

- Adxudicación provisional do contrato de **urbanización do espazo público da rúa do Olvido e entorno** á empresa ESPINA Y DELFÍN, SA, por importe de 862.068,97 euros máis IVE e un

prazo de execución de 7 meses e 6 días. Para a execución desta obra o adxudicatario ocupará un total de 41 persoas das cales 22 están integradas na empresa e 19 son de nova contratación.

- Adxudicación provisional do contrato de **reurbanización da rúa Belvís** á empresa UTE EDIMIÑO SL-TUCON SA, por importe de 518.521,55 máis IVE e un prazo de execución de 216 días. Para a execución desta obra o adxudicatario ocupará un total de 20 persoas das cales 14 están integradas na empresa e 6 son de nova contratación.